

VENRES 3 DE ABRIL. SOLUCIÓNS

LINGUA

A biografía é a narración das experiencias máis importantes da vida dunha persoa.

Elixe un personaxe famoso, averigua os datos máis importantes da súa vida e escribe unha breve biografía. (EN GALEGO)

Cando a remates tes que enviala por correo ou a través do móbil.

CIENCIAS SOCIAIS

Le a páxina 68 do tema 4 e despois responde ás seguintes preguntas:

1- Que é o comercio?

É o servizo a través do cal os produtos se ofrecen e son adquiridos polos consumidores a cambio de diñeiro.

2- A que sector económico pertence o comercio?

Ao sector terciario.

3- Que quere dicir comercio exterior?

É o comercio que se realiza entre países.

4- Que é o comercio interior? Tipos de comercio interior.

É o que se realiza dentro dun mesmo país.

O comercio interior pode ser COMERCIO POLO MIÚDO ou COMERCIO ALMACENISTA.

CIENCIAS NATURAIS

Actividade: páxina 61 1 (copia no caderno o resumo da unidade)

Todos os seres vivos realizan as funcións **vitais** e están formados por **células**.

Os que están formados por unha soa célula chámanse **unicelulares** e os que están formados por moitas células chámanse **pluricelulares**.

As células constan de membrana, citoplasma, **núcleo** e orgánulos.

As células vexetais teñen ademais unha parede celular e uns orgánulos propios chamados **cloroplastos**.

As células organízanse en **tecidos**; estes, en órganos; e os órganos, en sistemas e aparellos, que forman un **organismo** completo.

Os tecidos realizan diversas funcións. Por exemplo, nos animais o tecido **óseo** ten a función de soporte e, nas plantas, o tecido **condutor** transporta substancias.